

# CONCURSO

*Amosa a túa fonte de enerxía*

*Curtametraxes  
enerxéticas 2021*

Decembro



Deseño: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Fotografía: Pexels; Bruno Massao

1.º premio: diploma e cheque 300 €  
2.º premio: diploma e cheque 150 €

Envío de curtametraxes ata o  
22 de novembro de 2021

Máis información:  
[minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)

# CONCURSO

Amosa a túa fonte de enerxía

## Curtametraxes enerxéticas 2021

Decembro



Universidade de Vigo

### Curtametraxes enerxéticas 2021

Alcanzar a eficiencia enerxética é un dos retos perseguidos na actualidade pola nosa sociedade.

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo lanza o concurso Curtametraxes enerxéticas 2021.

### Bases de participación

1.º A este concurso poderanse presentar curtametraxes cunha **temática que xirará arredor da enerxía**, no sentido máis amplo. A modo de exemplo:

- Uso da enerxía no día a día, no ámbito cotián.
- Procesos de xeración, transporte, distribución e uso da enerxía.
- As fontes e os recursos enerxéticos convencionais e renovables.
- Problemas e retos aos que se enfronta a sociedade coa transición ecolóxica.

Pódense, polo tanto, presentar curtametraxes que teñan como **tema central a enerxía, pero desde diferentes puntos de vista: consumo, social, industrial, medioambiental etc.**

2.º Requírese **orixinalidade**.

3.º O número de autores ou autoras por obra non está limitado. Non obstante, o premio concederáse por obra.

4.º As curtametraxes terán unha duración de 5 a 10 minutos.

5.º A data límite de recepción da curtametraxe será o **22 de novembro de 2021, ás 20.00 horas**. Calquera vídeo recibido despois desta data non poderá participar neste concurso.

6.º As curtametraxes enviaranse á EME gravadas nun CD ou a través dun programa de transferencia de arquivos ao enderezo electrónico [eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal). Ademais, enviarase un **formulario de inscrición** descargable na sección do concurso da web da EME ([minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)) debidamente cuberto.

7.º As curtametraxes presentadas ao concurso pasarán a **ser propiedade exclusiva da EME** e os autores ou autoras non as poderán utilizar noutros concursos ou publicacións. A EME poderá usalas para o que considere oportuno. Nese caso, presentarán sempre unha referencia á súa autoría.

8.º A EME non se responsabiliza da incorrecta manipulación do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo..

9.º O concurso **Curtametraxes Enerxéticas 2021** poderá anularse se non se presentan un mínimo de vídeos.

10.º A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

### Resolución do concurso

1.º O **xurado** estará formado por un/unha profesional do ámbito do cinema, un/unha docente do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, un/unha docente do Grao en Enxeñaría da Enerxía, un membro do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo e dous representantes do alumnado (un por cada grao impartido na EME).

2.º O **fallo do xurado** será inapelable e anunciarase adecuadamente; poderase consultar na sección do concurso en [minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es).

3.º O xurado rexeitará os vídeos que non cumpran o especificado nestas bases..

4.º A exhibición das curtametraxes e a entrega de premios realizarase na primeira semana do mes de decembro na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.

### Premios

Os premios do concurso serán os seguintes:

- **Primeiro premio:** diploma e cheque por un valor de 300 €
- **Segundo premio:** diploma e cheque por un valor de 150 €

Cada participante recibirá un agasallo.

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.

### Máis información

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía  
Campus universitario  
36310 Vigo

Tel.: 986 814 077  
[eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal)